



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

CONSELLO PARROQUIAL SALCEDO 13-10-15

Presentación aos membros do Consello Parroquial das obras inmediatas a realizar na parroquia nos vindeiros meses, así como a inauguración do Centro Social de Salcedo o sábado 17 as 19:00.

ASUNTOS TRATADOS

A asociación de veciños San Martiño informa de que están renovando a xunta directiva polo que nos vindeiros días informarán ao concello dos membros que formarán parte do consello parroquial.

1.- Proxecto para levar auga ao pavillón.

Presuposto aproximado de 129.000 €. É unha obra moi complexa debido as cotas. O máximo de servizo do concello son 75 metros e o pavillón está a 73 metros.

Éste é precisamente o motivo polo que o suministro de auga a vivendas particulares só pode ser efectivo en zonas periurbanas. Nun futuro cando rematen as obras de Acuaes, a cota de altura incrementarase ata os 300 metros polo que se poderá dar servizo as demais vivendas

Este proxecto de abastecemento de auga ao pavillón pode levarse a cabo grazas a un acordo coa Xunta de augas e da Comunidade de Montes que permite o paso pola súa propiedade.

2.- Arranxo estrada dende o Cruceiro (casa da música) ata o Carramal

Presuposto aproximado 134.000 €. Arranxo de pavimento, canalización das augas e construción de muro de contención no Carramal .

Está en fase de contratación e rematarase antes de que acabe o ano (obra que xa estaba no plan de parroquia)

3.- Arranxo do contorno do centro social para que practicamente esté rematado o núcleo de centralidade:

- IES Cabanas
- CEIP Cabanas
- Centro Social
- IES San Martiño
- Casa do Monte
- Local Vai polo Río
- Casa da Música

Presuposto aproximado 397.000 €

Farase un tratamento semellante ao do centro da cidade con prioridade peonil, construción de lombos e limitación de velocidade.

- Quedarán unidos o parque e o centro social
- A obra comenzaría nunha das portas do cemiterio, pasando pola casa de cultura, casa do

- monte e praza do centro social, rematando na outra porta do cemiterio
- Dentro deste proxecto tamén irá incluída outra actuación para unir o centro social coa parcela cedida pola comunidade de montes, integrando así a praza ao centro para pacer espectáculos ao aire libre.
- Parte da programación cultural de Pontevedra terá lugar neste centro social (ademáis do Pazo de Cultura e do teatro Principal) debido fundamentalmente a espectacularidade de este espazo aberto.
- Dende o cemiterio ata o transformador irá soterrada a liña eléctrica.
- Dende o transformador ata Cabanas recuperarase un sendeiro paralelo a pista asfaltada para que sexa utilizado polos peóns
- Nun principio arredor do centro social iba un aparcamento que se substituirá por unha praza pechada con volardos que poderán ser retirados para o acceso de autobuses e camións en momentos puntuais; podendo usala os nenos para os seus xogos

Demetrio Gómez tamén presenta aos asistentes a intención de poñer en marcha un campo de xogos populares (chave, petanca...) en Cabanas e o acondicionamento do mesmo para que sexa o primeiro campo de Bilarda de Galiza. Incluindo neste proxecto o adecentamento da zoa exterior.

Todos os asistentes amosan a súa aprobación e total satisfacción con todos os proxectos que se van a executar na parroquial

XESTIÓN DO CENTRO SOCIAL

Debido a crecente importancia desde centro para o desenvolvemento de actividades, tanto do Concello como das distintas asociacións da parroquia, decídese crear unha xunta xestora para coordinar todos os horarios e actividades que se van a desenvolver. Trátase de conseguir que dita xestión sexa: executiva, operativa, rápida e democrática.

Dende o consello parroquial propónse a formación da seguinte comisión xestora:

- 1 Presidente da Comunidade de Montes
- 1 Vocal da Comunidade de Montes
- 1 Vocal da Banda de Música
- 1 Vocal da AAVV Heroes do Campo da Porta
- 1 Vocal do Concello

A Comisión elaborara unhas bases de uso do local e encargárase de abrir e pechar o local. Se existe algunha discrepancia será trasladarse ao Consello Parroquial.